



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de xuño de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de xuño de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(408).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbese a acta da sesión ordinaria do 31 de maio de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(408).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 263181/301.

Visto o informe xurídico do 30/05/2024 e o informe de fiscalización do 3/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/05/2024, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar

Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 24.09.2020, acordou: *“Adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%. b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.11.2020, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2020, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. No ano 2022 tramitouse no Exp. n.º 241411/301 (2022), unha modificación deste contrato para poder asumir o maior gasto representado polo aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas ó Concello de Vigo pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia. Ese incremento foi de 220.872 horas anuais de dependencia e de 4.462.172,41€ do prezo do contrato.

I.5. En 2023 tramitouse, no expediente administrativo nº 247953/301 (2023) do Servizo de Benestar Social, a primeira (1ª) prórroga do contrato de SAF para o periodo 01.12.2023 – 30.11.2024, que foi autorizada expresamente por acordo da XGL do 20.04.2023.

I.6. Tramítase agora no expediente administrativo nº 263181/301 (2024) a segunda (2ª) e última prórroga deste contrato para o novo periodo 01.12.2024 – 30.11.2025 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo ordeando a incoación de expediente administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 6).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vigo (BOP nº 14, do 22.01.2010).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01_2021).

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

S.ord. 07/06/2024

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúisen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» é un contrato administrativo de servizos adjudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.12.2020 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas e familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

III.2.7. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 30.11.2020 e a modificación acordada no ano 2022, formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.

III.2.8. O gasto representado por esta segunda (2ª) prórroga, que é de 10.574.116,40 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.01 - “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar” dos orzamentos municipais; 881.176,37 € ó exercicio de 2024 (do 01.12.2024 ó 31.12.2024) e 9.692.940,03 € ó exercicio de 2025 (do 01.01.2025 ó 30.11.2025).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.11.2020 polo Concello de Vigo coa entidade «Servisar Servicios Sociales SLU», toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2024 e ata o 30.11.2025, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.09.2020 á entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890) por un prezo de 23.189.492,97 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 30.11.2020, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal suscrito en 2020 e a modificación acordada no ano 2022 (incremento do prezo do contrato en 4.462.172,41€), formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 10.574.116,40 € que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «Servisar Servicios Sociales SLU», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.01 - “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar”, correspondendo 881.176,37 € ó exercicio de 2024 (do 01.12.2024 ó 31.12.2024) e 9.692.940,03 € ó exercicio de 2025 (do 01.01.2025 ó 30.11.2025).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(409).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23631/333.

Visto o informe xurídico do 30/05/2024 e o informe de fiscalización do 31/05//2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/05/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.-

1) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 13.04.2023, aprobou o **“EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22448/333”** (trámite número 91 do expediente 22448-333).

2) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8.06.2023, acordou adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o procedemento aberto para a **“CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE.22448/333”**, por un importe total, IVE incluído, de 86.524,50 euros euros (trámite número 147 do expediente 22448-333).

3) Con data 12.07.2023, procédese á sinatura do contrato con CARLOS FERNÁNDEZ POL para a prestación da subministración obxecto da contratación a partir do 13.07.2023, cunha duración de dun ano, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha (trámite número 158 do expediente 22448-333).

II.- Fundamentos de dereito.-

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que:

“O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das

modificacións que se podan introducir de conformidade coo establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o aviso previo se produza, alomenos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo, os contratos cuxa duración sexa inferior a dous meses.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes...”.

Neste contrato resulta que o prego de cláusulas administrativas, na cláusula 7, “Prazo de execución” recolle no apartado 3, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.

Con data 2.05.2024, a Concellería de Deportes remite ao adxudicatario aviso previo da primeira prórroga do contrato. En resposta, a empresa que presta o servizo, CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A, presentou con data 6.05.2024, a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo, escrito no que non formula oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas do contrato de subministro de medallas e trofeos (expte. 22448-333) (trámites números 5 e 13 do expediente 23631-333)

III.- Desenvolvemento do contrato actual.-

A empresa que desenvolve a prestación da subministración CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36045005A, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto ás tarefas que se realizan en relación co desenvolvemento do programa municipal Calendario de eventos deportivos e outras funcións xerais e que se relacionan a continuación:

Entregar o material da mesma calidade e características que o ofertado e cumprindo cos mínimos definidos no anexo I deste prego.

Entregar o material nos lugares indicados polo servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Prestar un apoio técnico en relación a elección dos diversos elementos de Trofeos ou Medallas vinculados o obxecto deste contrato.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

IV.- Prezo anual do contrato.-

A anualidade do contrato é de 86.524.50 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.016,65 €.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

V.- Prezo para o período da prórroga.-

Tendo en conta que a primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da primeira prórroga sería de 86.524,50 €, IVE incluído, para o período comprendido entre os días 13 de xullo do 2024 e 12 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, que terá a seguinte distribución por anualidades:

Ano 2024 (dende o día 13.07.2024 ata o 31.12.2024: 40.773,19 €.

Ano 2025 (dende o día 01.01.2025 ata o 12.07.2025: 45.751,31 €.

VI.- Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 “Adquisición de medallas e trofeos”, do orzamento de gastos en vigor da Concellería de Deportes, que conta con crédito adecuado e suficiente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministración en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. Adic. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local**, previo informe xurídico e fiscalización favorable pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

1.- Aprobar a prórroga do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS” polo período de un ano dende o 13 de xullo de 2024 ata o 12 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL co DNI: 36045005A

2.- Aprobar o gasto de 86.524,50 € con IVE que representa esta prórroga anual a favor de CARLOS FERNÁNDEZ POL, co DNI: 36045005A, con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 “Adquisición de medallas e trofeos”, do orzamento en vigor e coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2024 (dende o día 13.07.2024 ata o 31.12.2024: 40.773,19 €.

Ano 2025 (dende o día 01.01.2025 ata o 12.07.2025: 45.751,31 €.

3.- Notificar este acordo ó contratista, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no

prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(410).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA AS BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS 2024” DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS (3º ESO). EXPTE. 89031/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/06/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 1 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) , de acordo co texto que se achega”.

2.- As referidas bases foron publicadas na web municipal e nas páxinas web do programa: <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria> e mediante a inserción de anuncios no Faro de Vigo en datas 5, 7 e 13 de abril, no Atlántico Diario en datas 7 e 13 de abril e en La Voz de Galicia en data 7 de abril, así como a remisión de soporte documental divulgativo do programa aos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

3.- O 19/04/2021 don B. Álvarez Lago interpón recurso de reposición (doc 240122873) contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre aprobación das Bases Reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas polo interesado, que manifesta o seguinte:

- Que na citada convocatoria se solicita como requisito imprescindible ter obtido como mínimo un 7 na nota final de inglés.
- Que é unha convocatoria excesivamente xeneralista e taxativa en canto ao requisitos, non deixando ningunha posibilidade aberta para aqueles que non cumprindo a algún dos requisitos puidesen alegar algunha causa xustificada.
- Que en concreto, pon o exemplo do seu fillo, para algúns nenos e nenas con TDHA, esta nota resulta excesivamente elevada, pois supón moitísimo esforzo simplemente o aprobar. Que son alumnos que non presentan discapacidade nin trastorno grave de conduta polo que poderían asistir aos ditos cursos sen medidas adicionais ás do resto de participantes.
- Que se engada á convocatoria a posibilidade de que non cumprindo algún dos requisitos poida alegarse algún tipo de xustificación.

III.- Valoración das alegacións

O procedemento da convocatoria de prazas no programa municipal “Vigo en Inglés” realízase en réxime de concorrencia competitiva, seleccionando entre as solicitudes que cumpran os requisitos aquelas que obteñan a maior puntuación en atención aos criterios establecidos nas bases da convocatoria.

O recorrente solicita que se estableza nas bases a posibilidade de non cumprir algún dos requisitos presentando unha xustificación. Non se estima procedente incorporar nas bases esta excepción por canto ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva o cumprimento dos requisitos é obrigatorio para todos os solicitantes.

Para que o alumnado poida ter unha experiencia positiva neste programa é fundamental que teña uns coñecementos do idioma suficientes para comprender a lingua do país e poder desenvolver a súa estancia dun xeito satisfactorio, (é importante que comprendan as indicacións do transporte, de cumprimento de normas, entenderse coa familia de acollida e no centro educativo ao que asistan, etc), de aí a esixencia dun 7 como nota mínima para participar no programa.

O programa Vigo en Inglés non discrimina a persoas con algunha discapacidade, de feito teñen participado no programa persoas con algunha discapacidade, e na convocatoria actual hai alumnado con discapacidade, pero en todos os casos teñen que cumprir os requisitos da convocatoria.

En canto que para un alumno/a con un diagnóstico de TDHA supoña un maior esforzo a obtención dunha cualificación de aprobado ou superior en calquera materia non se discute por esta parte, pero estimamos que non corresponde a súa valoración a esta Administración Local. En cada caso debe ser a administración educativa á que corresponde apreciar e valorar as circunstancias de cada estudante, realizando no seu caso a adaptación curricular

que proceda. É o profesorado do centro educativo o que cualifica a materia, neste caso de inglés.

En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Desestimar, de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don B. Álvarez Lago contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de abril de 2024 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) .

Segundo.- Notificar as persoas interesadas o presente acordo, informándolle/s que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(411).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EPIS NECESARIOS PARA OS TRABALLADORES ADSCRITOS AO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 50866/446.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 28/05//2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP)
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 18 de xaneiro de 2024, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, regulado no artigo 159.6 da LCSP, o *Subministro de Epis*.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e resolución de inicio da tramitación do expediente de contratación de data 18 de xaneiro de 2024, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques, Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.
2. Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 9 de febreiro de 2024, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais da mesma data.
3. Memoria económica, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en data 19 de xaneiro de 2024, conformada polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 5 de febreiro de 2024. O punto “2.3 Anualidades” da memoria económica foi modificada en data 19 de febreiro de 2024 substituíndo a expresión “*O contrato ten a condición de gasto plurianual (3 anos)*” pola expresión “*O contrato ten a condición de gasto plurianual (2 anos e 8 meses)*”.
4. O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente RC 202400006398, de data 21 de xaneiro de 2024, por un importe 1.603,64€, para o ano 2024 e o documento RCFUT1 202400006399, de data 21 de xaneiro de 2024, por un importe de 3.207,28€, para os anos 2025 e 2026.
5. Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 5 de marzo de 2024.
6. Informe da técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 10 de maio de 2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 10 de maio de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área de Goberno. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en resolución de 18 de xaneiro de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase o prezo (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 7.190,10€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de **SUBMINISTRO DE EPIS**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 5 de marzo de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 10 de maio de 2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **4.810,92€**, que inclúe un IVE de 496,86€, o cal se imputará á partida 1710.2269900 "Gastos Diversos", distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	1.603,64€
2025	1.603,64€
2026	1.603,64€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(412).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO (RPT) 2024. EXPTE. 43933/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/2024 e o informe xurídico do 3/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/06/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

-ANTECEDENTES

I-A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial á proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023. Finalizado o período de exposición pública, en cumprimento do preceptuado no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, elevouse a definitivo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16/03/2023 (Expte. 40934/220).

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2023/05/16/2023035415>

II-O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello que rexerá durante o exercicio 2024, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, e accesible igualmente a través do portal de transparencia: https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf

III-Figura orde de incoación de expediente asinada en data 12/03/2024 pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na que se acorda incoar expediente para a tramitación do axuste da RPT consonte ao previsto no capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 e nos termos do establecido na normativa vixente que resulte de procedente aplicación.

IV- En consecuencia, procede a realización da proposta de actualización da RPT, baseada nas modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que recollen un listado de prazas de nova creación, prazas amortizadas e outras modificacións (Expediente 42630/220 “Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024”, informe técnico figurando no trámite 48), e publicado no enlace:

https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf

V- Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2023 con respecto ao RPT 2022, conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI- Por outro lado, cómpre poñer de manifesto que, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar a “NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt);



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo; contrato no marco do cal se analizará e avaliará a totalidade dos postos de traballo en concordancia igualmente coas resolucións xudiciais existentes e que fosen declaradas firmes na materia.

VII- Con data 26/04/2024 realizouse informe proposta da Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, para a súa adaptación ao recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio e corrección de erros materiais, para someter a previa negociación colectiva de conformidade co art. 37 do TREBEP.

VIII- En data 07/05/2024 celebrouse a mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, constando certificado do acordo adoptado, firmado pola presidenta e secretaria da Mesa e que figura incorporado ao presente expediente no trámite 25.

IX- En data 10/05/2024 remitiuse a unha proposta para informe á Asesoría Xurídica, que en data 22/05/2024 devolve o expediente coa seguinte dilixencia:

“Devólvese para comprobación de datos, solicitando incorporación documental da motivación reflectiva, ben no expediente, ben por incorporación de vínculo a enlaces de publicación.”

X- En data 23/05/2024 realizouse informe-proposta á Xunta de Goberno Local, para aprobación inicial da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo 2024, para a súa adaptación ao recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio e corrección de erros materiais, firmada polo técnico de administración xeral, co conforme da xefatura da área, das concelleiras competentes, con nota de conformidade da titular da asesoría xurídica e con data 03/06/2024, informe complementario para aclarar unha serie de dúbidas recollidas no informe de intervención, que foi realizado polo mesmo técnico, e conformado polas mesmas asinantes, incluído o Interventor Xeral.

XI- Con data 05/06/2024, devólvese o expediente por parte da Secretaria do Goberno Local, coa seguinte dilixencia:

“Revisado expediente 43933/220 para aprobación inicial da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo 2024, para a súa adaptación ao recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio e corrección de erros materiais, detéctase erro material no anexo I, proposta de relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2024 respecto da denominación do posto número 1090102 adscrito a unidade de Secretaría de Goberno Local (109).

Concretamente, conforme o disposto no apartado 1.3 da proposta (trámite 41) e solicitude desta Secretaría en documento 230122181, 230289267 e 240123679, en lugar de “Xefe/a oficina Xunta Goberno Local” debe dicir “Xefe/a da oficina da Secretaría de Goberno Local” conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de data de 26.06.2020 que se achega xunto coa presente dilixencia.

Prócedese a súa devolución para emenda do erro.”

Efectivamente, compróbase que dentro das consideracións xurídicas do informe proposta do 23/05/2024 xa se recolle o posto como “Xefe/a da oficina da Secretaría de Goberno Local”, recolléndose no Anexo por erro a denominación anterior, procedéndose pois ao seu axuste conforme á denominación correcta para súa posterior remisión novamente á Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Circular 1/2015, sobre envío de expedientes á Xunta de Goberno Local, do 13/05/2015.

S.ord. 07/06/2024

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-

Os artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL) e 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (TRRL) en materia de Réxime Local impoñen ás administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRBEP) sinala no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

E o o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) establece que:

1. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.”

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación. Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: *“(…), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto,mpor ser competencia de quien gobierna,..”*.

Respecto a natureza xurídica da RPT, a cuestión viuse suxeita a variacións doutriniais e xurisprudenciais aos que veu a poñer fin a Sentenza do 5 de 7 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012 ditada polo Tribunal Supremo. Nelaponse fin á dualidade mantida en canto á consideración da RPT como disposición de carácter xeral e como acto administrativo, no plano procesual e no material respectivamente, para pasar a considerar o devandito instrumento como un acto ordena. Concretamente a sentenza determina *“Sobre esa base, y en la alternativa conceptual de la caracterización como acto administrativo o como norma, entendemos que lo procedente es la caracterización como acto, y no como norma o disposición general. Tal caracterización como acto, según se ha expuesto antes, es por lo demás la que ha venido proclamándose en la jurisprudencia (por todas reiteramos la cita de las sentencias de 19 de junio de 2006 y la de 4 de julio de 2012 y 10 de julio de 2013), aunque lo fuera en referencia al plano sustantivo, al diferenciarlo del procesal”*.

O artigo 4.1 do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, establece que:

“1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.”

2. “El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo”.

Tal e como se estableceu no antecedente V, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de

postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

Por outro lado, cómpre sinalar que, a disposición transitoria sexta do Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, *por el que se aprueban medidas urgentes para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia en materia de servicio público de justicia, función pública, régimen local y mecenazgo*, realiza unha modificación dos intervalos de niveis correspondentes aos subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira fixados en no artigo 76 do TREBEP.

En este senso, o artigo 3 del el Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece o réxime de retribucións dos Funcionarios da Administración Local, remite a que os intervalos de niveis dos postos de traballo dos funcionarios de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os funcionarios de la Administración do Estado, resultando pois de aplicación a modificación efectuada.

II.- OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO 2024.-

A presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2024 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que rexerán para o vixente ano 2024 e que foron aprobados polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, baséanse no informe técnico do anteproxecto do capítulo I dos orzamentos de 2024, con última data de sinatura do 23/10/2023, accesible en https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf e na acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 30/10/2023, accesible en https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf.

Dentro do Capítulo I de gastos, recóllense, entre outras, un listado de prazas de nova creación, prazas que foron amortizadas e outras modificacións que se levaron a cabo (Expediente 42630/220 “Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024”, informe técnico figurando no trámite 48) e que a continuación se expoñerán .

No caso de que houberse modificación que supuxesen incrementos de retribucións que non estean expresamente recollidas no capítulo 1 de gastos a día de hoxe, non serían efectivas ata que se proceda no seu caso á modificación no cadro de persoal orzamentario.

O cadro de persoal (ou plantilla), figura entre a documentación técnica incorporada ao capítulo I dos orzamentos de gastos municipais, sendo unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepassar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principios do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade. Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2023 con respecto a anterior do ano 2022 e que non foran obxecto de modificacións expresas.

En relación cos restantes contidos, que se manteñen, remitímonos ao informe-proposta da memoria xustificativa que motivou a RPT de 2022, accesible en https://transparencia.vigo.org/?id_file=818&lang=es&file=. Asemade, nos aspectos non modificados respecto da RPT de 2023, haberá que atender á motivación do acordo de aprobación e documentos nel sinalados accesible en https://transparencia.vigo.org/?id_file=866&lang=es&file=.

En relación coa necesidade dunha análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, tal e como se expuxo nos antecedentes, infórmase que consta a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Estando actualmente en desenvolvemento a prestación obxecto do contrato.

Nesta proposta non se conteñen adecuacións retributivas nin novas guías de funcións, senón que se trata dunha mera adaptación ao marco orzamentario, emenda de erros e solventar desaxustes puntuais

Pasamos a expoñer polo miúdo canda un dos supostos previstos que serán obxecto de modificación e conforme ao Informe de verificación previa incorporado ao presente expediente:

1.- Nos orzamentos que rexen no ano 2024, aprobados polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, introdúcense as seguintes modificacións:

1.1 Postos asociados ás prazas de nova creación recollidas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2024:

Servizo/Área Solicitante	Praza	Posto	N.º	GR
RRHH e Formación	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
RRHH e Formación	Enxeñeiro/a Superior ¹	Técnico de prevención de riscos laborais	1	A1
Igualdade	Psicólogo/a	Psicólogo/a	1	A1
ORSII ²	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
	Administrativo/a de Admón. Xeral	Administrativo/a	1	C1
Policía Local	Intendente	Intendente Policía Local	1	A1
Asesoría Xurídica ³	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	2	A1
Contratación	Administrativo/a de Admón. Xeral ⁴	Administrativo/a	1	C1
Contratación	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
Medio ambiente (Cemiterios)	Capataz	Capataz cemiterios	1	C1
Medio ambiente ⁵	Oficial Mantemento	Oficial mantemento instalacións municipais	1	C2

1.- De conformidade coa acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 30/10/2023, de sinatura dixital 21/11/2024, procede a creación dunha praza de "Enxeñeiro/a Superior", en lugar da praza inicialmente solicitada como "Enxeñeiro/a Industrial".

2.- Créase a Unidade administrativa de apoio ao Órgano Responsable do "Sistema Interno de Información" (código 120), adscrita a Secretaría de Goberno Local na que se integran dous postos correspondentes coas dúas novas prazas creadas de técnico/a de Admon. Xeral e administrativo/a.

3.- De acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 da tramitación do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024, previsión económica que posibilite a posterior modificación do tipo de posto existente de TAX, para o que xa consta unha praza no cadro de persoal, en Letrado/a Asesor/a Xurídico/a na Asesoría Xurídica Municipal e creación de dúas prazas que posibiliten a posterior incorporación de novos postos de letrado/a asesor/a xurídico/a, cuestión económica que se incluírá na tramitación dos Orzamentos Municipais correspondentes ao ano 2025.

4.- De acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 da tramitación do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024, readscrición do posto "Auxiliar técnico contratación" e substitución no Servizo de Contratación por un posto de administrativo. En consecuencia, o posto auxiliar técnico contratación consta adscrito a Réxime interior (Documento retribucións por dotacións, sinatura dixital 06/11/2023)

5 Segundo se recolle na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

1.2 Prazas amortizadas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2024 e postos asociados.

Servizo/Área	Praza	Posto	N.º	GR
Policía Local	Inspector principal	Inspector principal Policía Local	1	A2
Medio ambiente (Cemiterios)	Oficial sepultureiro	Xefe/a equipo cemiterios	1	C2
Medio Ambiente ¹	Oficial Laceiro/a	Oficial Laceiro/a	1	C2

A amortización da praza de Oficial Laceiro e a posterior creación da praza de Oficial de Mantemento, non figura no cadro de persoal que consta publicado na web municipal, a través do enlace:

https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf

Non obstante, este axuste está motivado no acordo que aparece recollido na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023 e tamén publicado na web municipal do Concello de Vigo https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf

A dotación orzamentaria do posto que se crea oficial de mantemento, será a que corresponde co posto de oficial laceiro que se propón suprimir, por coincidir as características da praza (correspóndense as dúas coa praza de Oficial de Oficios de réxime laboral, equiparado ao subgrupo C2) polo tanto o cambio do posto non supón alteración da dotación orzamentaria xa aprobada para o exercicio 2024.

En todo caso, debe darse traslado á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para que se efectúe o axuste que dende o punto de vista orzamentario resulte procedente coa adopción do presente acordo.

1.3 Outros axustes conforme ao recollido no capítulo I dos orzamentos municipais:

1.3.1: Outras modificacións que foron aprobadas no Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 de acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 e restante documentación que, polo tanto, procede incorporar na vixente RPT, conforme peticións dos respectivos Servizos/Áreas, son;

- Dirección de Ingresos: adscrición da funcionaria NP 76509 a unidade organizativa 516 por ser onde está a prestar os seus servizos. Polo tanto, cambio de adscrición dende a unidade cód. 502 á unidade organizativa cód. 516.
- Secretaria do Goberno Local: Solicitud de adscrición do posto de traballo de administrativo á Secretaría de Goberno Local. Polo tanto, cambio de adscrición da funcionaria NP 84466, pasando da Secretaría Xeral (cód. 110) á Secretaría de Goberno Local (cód. 109). Conxuntamente, procede actualizar na aplicación ginpix a denominación do posto 189- Xefe/a da oficina da Secretaría de Goberno Local, posto que na vixente RPT 2023 figura coa denominación "Xefa/a oficina Xunta Goberno Local, segundo solicitude en doc 230289267.

1 Segundo se recolle na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023 .

1.3.2: Outras modificacións realizadas na estrutura orzamentaria no Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 e que, polo tanto, procede incorporar na vixente RPT

1. Modifícase a adscrición do posto 105 “Administrativo/a”, ao que se atopa adscrita a empregada con NP 22757 da unidade administrativa Codg 543- Tesourería Pagaduría, a unidade 540 -Recadación Voluntaria, ambas pertencentes ao programa 9340, segundo escrito de data 12/06/2023 (Doc 230149746 incorporado ao expte. 42874-220).
2. Readscrición dun posto Codg 249 Oficial Fontaneiro existente no servizo 442 “Taller de Vías e Obras” (programa 1532) a o servizo de Medio Ambiente (Programa 1721), cos seus correspondentes créditos e a inclusión dun posto de Oficial de mantemento instalacións municipais existente no servizo de Medio ambiente a unidade 442 Taller de Vías e Obras, readscrición xa contemplada na aprobación da RPT 2023.
3. Segundo Resolución de data 30/01/2018, o efectivo con NP 82163 con posto codg 328 “Oficial carpinteiro” foi reasignado da Unidade de Mantemento de Servizos Municipais (cod. 450) á Área de Cultura (cod. 328), figurando aínda no programa económico 1532, debendo figurar no programa 3340. En todo caso, o posto figura ascrito correctamente no vixente documento de RPT, na Área de Cultura.
4. Readscrición dun posto Codg 180 “Arquitecto Técnico-Aparellador” ao que se atopa adscrita a funcionaria con NP 84857 da Unidade 440 a unidade 241, polo que cumpre realizar a correspondente resignación dos créditos do mesmo do programa 1532 ao 9330, tal e como figura na RPT 2023. En todo caso, o posto figura ascrito correctamente no vixente documento de RPT, na Área de Cultura.
5. Por outra banda, detéctase a existencia dunha praza de Auxiliar (Régime Laboral) e posto Codg 140, na unidade 211 “Oficina Adtva Policia Local”, vacante por recoñecemento de incapacidade en grao absoluta dende o 19/12/2020, polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza auxiliar admón. xeral con vínculo funcional. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
6. Asi mesmo na Unidade 430 Unidade Parque Central atópase vacante un posto de oficial instalacións Deportivas, vacante dende 26/07/2020, data na que o INSS resolveu recoñecer ao traballador con número persoal 60143, a prestación de incapacidade permanente no grao de total con efectos económicos dende o 27/07/2020.

Dito posto foi readscrito a dita unidade por adaptación de posto (Expte 33337-220) polo que enténdese debería ser adscrito ao servizo de Deportes (Codg 611), debendo figurar os seus créditos no programa 3420 e non no 9202. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
7. En data 20/09/2016, o Instituto Nacional da Seguridade Social (doc. Núm.: 160172807) recoñece a prestación de incapacidade permanente no grao de Total, do funcionario con número de persoal 11104, adscrito ao Servizo do Parque Central (430), causando baixa na nómina municipal con data de efectos 19/09/2016, sin que dende dita data se realizara revisión do traballador por agravación ou melloría. O posto ao que se atopaba adscrito dito empregado (alguacil-notificador) figura na Unidade Parque Central polo que debería considerarse o seu cambio de adscrición e a conseguinte consignación dos importes correspondentes no programa económico da Unidade de Destino que se considere ou ben a amortización da mesma e a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

creación dunha praza e posto asociado de Ordenanza, adscrito a Conserxería Municipal. Polo tanto, realizase o cambio de adscrición e praza, pasando a figurar como praza e posto Ordenanza en Conserxería Municipal conforme a tramitación realizada no Capítulo I dos vixentes Orzamentos.

8. Atópase vacante unha praza e o seu correspondente posto asociado de Auxiliar Servizos Internos por xubilación do seu titular en data 07/04/2022 no servizo 443.- Servizo de Supervisión de proxectos e Asistencia técnica municipal, polo que se propón a amortización de dita praza e creación de nova praza de auxiliar administrativo, vínculo funcional, asociada a un posto de auxiliar no mesmo servizo 443. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
9. Atópase vacante unha praza “Oficial Conductor Zoo”, por xubilación do seu titular o 16/12/2022 polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza de “Oficial Conductor”, sendo adscrito dito posto ao Parque Mobil municipal. A praza 80709 – Oficial conductor/a Zoo figura vinculada ao posto 690- Conductor mecánico Zoo, procedendo a incorporación da modificación na vixente RPT.
10. En data 22/09/2023, asinado pola Xefa de Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos, Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, solicítase que a funcionaria con NP 76509 adscrita a unidade 502 sexa adscrita a unidade 516 relativa á xestión de lixo comercial e aproveitamento da vía pública con vados por ser en onde esta a prestar efectivamente os seus servizos, realizándose a correspondente modificacións dos créditos correspondentes a dito posto. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
11. Na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 figuran dúas prazas vacantes de inspector auxiliar servizos como persoal funcionario de carreira, promoción interna. Consta proposta de nomeamento do único aspirante que superou o proceso selectivo, de sinatura dixital 30/10/2023.

As devanditas prazas de persoal funcionario conforme os vixentes Orzamentos Municipais (tramitación Capítulo I, exp. 42630-220), e conforme foron ofertadas na OPE correspondente, constan asociadas ao posto 298- Inspector auxiliar de servizos (dotación 1 no Servizo 256-Limpeza: Recollida de residuos e dotación 2 no Servizo 333- Xuventude), que figura como persoal laboral na vixente RPT.

En consecuencia, procede realizar a modificación dos devanditos postos debendo figurar na RPT como persoal funcionario de carreira.

2.- Correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT e a actualización da mesma, a data da emisión do presente informe.

108: Desenvolvemento local e emprego

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto duplicado “TÉCNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS EMPREGO (ARQUIT TEC EXECUCIÓN OBRAS)”. Procédese a súa corrección na RPT.

S.ord. 07/06/2024

240: Área de Xestión Patrimonial e Territorial; 241: Servizo de Patrimonio

Aos efectos de adecuar a información dispoñible na aplicación de xestión de postos e prazas (ginpix) á vixente RPT, e consultado co Servizo de Administración Electrónica, procede actualizar os códigos pasado a figurar 239: Área de Xestión Patrimonial e Territorial e 240: Servizo de Patrimonio.

301: Benestar Social

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura por erro o código 2 (persoal laboral) asociado aos postos "OFICIAL TELEFONISTA" e "ORDENANZA PORTEIRO/A". Procédese a súa corrección na RPT, debendo figurar código 1 (persoal funcionario).

320: Participación Cidadá

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto duplicado "ADMINISTRATIVO/A". Procédese a súa corrección na RPT.

446: Montes, Parques e Xardíns

Revisada a tramitación do Capítulo I – ano 2023 (Expediente 40203/220, trámite 58) e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, non figuran incorporadas na RPT 2023 todas as modificacións realizadas no devandito orzamento que foi aprobado. Procede incorporar un posto de "TÉCNICO/A DE XESTIÓN" e unha dotación do posto "ADMINISTRATIVO/A".

233- Arquivo Xeral

No posto "técnico medio arquivo", aparece por erro o grupo (GR) A1 sendo correcto o A2, que se rectifica.

440-Área servizos Xerais e Vías e Obras:

No posto de xefe/a servizo administrativo e de control orzamentario, recóllese por erro na RPT 2023 e como único grupo de acceso, o subgrupo A2, en lugar do establecido na RPT aprobada en 2022 e publicada no BOP de Pontevedra 188 de data 30.09.2022, que establece que dito posto está clasificado como grupo A1/A2. No mesmo senso figura na Resolución da concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, pola que se designa á Secretaria de Goberno Local, instrutora do procedemento de provisión de dito posto, procedéndose, pois a rectificar o erro material.

613: EMAO

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto "MESTRE DE FORMACIÓN – EMAO", persoal laboral, duplicado. O número total correcto é 4 dotacións. Procédese a súa corrección na RPT.

Conforme orzamento 2024 consta unha única dotación do posto 656- Ordenanza EMAO, polo que actualízase o dato na RPT (1 dotación), por pase a posto como funcionario de carreira por xubilación da persoa que ocupaba o devandito posto. En consecuencia, figura unha dotación (dotación núm. 45) do posto ordenanza porteiro (155), persoal funcionario, en Conserxería (201).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

210: Mobilidade, Transporte e Seguridade

En base ao documento 240127481, remitido pola Secretaria do Goberno Local e na súa condición de instrutora en determinados procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación, recóllese que, tanto na RPT aprobada no ano 2023 como a anterior RPT 2022, figura como sistema de provisión do posto de Xefe/a de área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de incendios o concurso. No obstante, a memoria xustificativa da RPT 2022 determina dito posto a prover mediante libre designación (páx 21 22) non constándolle a esa instrutora a modificación das características do posto logo da aprobación da RPT 2022.

Corríxese pois o erro detectado no sistema de provisión do posto de Xefe/a de área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de incendios que en lugar de concurso, correspóndelle o de libre designación, conforme ao recollido na memoria xustificativa da RPT 2022, para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación.

3.- Axustes na RPT para adecuación coa situación real en ocupación dos efectivos municipais.

Consta nos documentos 230051633, 230083795 e 230208868, solicitude de resignación do efectivo con nº de persoal 22065, adscrito a Área de Réxime Interior ao Servizo de Patrimonio. Previamente solicitouse en expediente administrativo núm. 509-1102 a súa readscrición da Área de Réxime Interior ao servizo do Arquivo Municipal, non sendo ditada resolución ao respecto.

Por outra banda, o empregado con nº de persoal 22846, con posto de Auxiliar de Servizos Internos adscrito a Unidade 241- Negociado Patrimonio, presta servizos no Arquivo Xeral.

Polo que procede realizar a regularización da presente situación (pase dun posto de Auxiliar Servizos Internos de Patrimonio ao Arquivo Xeral pase dun posto de Auxiliar de Réxime Interior a Patrimonio), de xeito que os créditos correspondentes ao posto Auxiliar Administrativo, ocupado polo efectivo con nº de persoal 22065 figuren no programa 9330 así como os correspondentes ao posto Auxiliar servizos Internos adscrito ao Servizo de Patrimonio deberán figurar no programa 9203.

4.- Axustes para levar a cabo as adscricións derivadas dos procesos selectivos (OEP 17-18-19).

Segundo a solicitude da Área de Benestar Social de sinatura dixital 22/03/2024 e conforme a dilixencia asinada en data 10/04/2024 pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na que se establecen as vacantes nas que se vaia a efectuar a adscrición do persoal nomeado administrativo/a de Administración Xeral con cargo á OPE 2017-2018-2019, figurando ambos documentos no expediente 43250/220, e motivado polas necesidades do servizo, procede a realización das actuacións administrativas que legalmente correspondan para que, a Área de Benestar Social poida contar coa dotación de 1 praza de administrativo/a de Admón. Xeral que actualmente se

atopa na Asesoría Xurídica Municipal. En consecuencia, incorpórase a devandita modificación na RPT pasando a dotación da Asesoría Xurídica á Área de Benestar Social.

Na mesma solicitude recollíase que, a cambio, a dotación de auxiliar administrativa/o de Admón. Xeral da Área de Benestar Social, pasase á Asesoría Xurídica.

Non obstante, con posterioridade no expediente 43129/220, de “proposta de nomeamento de tres auxiliares administrativas de administración xeral en réxime funcionario pola quenda de promoción interna da OPE 2017-18-19, consta dilixencia firmada con data 10/04/2024 polas concelleiras delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e a Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal onde se establecen as prazas/posto/dotacións que procede cubrir a fin de garantir a debida prestación dos servizos públicos, entre as que se inclúe a citada vacante en Benestar Social (301) Posto 138, dotación 119.

Polo tanto, queda pendente o traslado ou creación de nova dotación de vacante de auxiliar administrativa/o de Admón. Xeral (segundo proceda) para a Asesoría Xurídica, cuestión que se deberá ter en conta na elaboración do próximo anteproxecto do capítulo 1 dos orzamentos municipais para o exercicio 2025.

-Por último, e conforme a resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 18/04/2024, no expediente 43851/220, procede realizar, por motivos de necesidade no Servizo de Estadística, o cambio de adscrición dun posto de administrativo/a da Oficina de Asistencia Rexistro e Información ao Servizo de Estadística, incorporando dito cambio na presente RPT.

5- Axustes e modificacións de erros detectados tras a celebración da Mesa de negociación colectiva.

212:- Policía Local.

Cambio do código de titulación dos postos que a continuación se relaciona, onde dí “ 2” debe dicir “1”

- 2120104 – Inspector principal de la policía local*
- 2120105 – Inspector UD protección ciudadana.*
- 2120106 – Inspector UD especial de seguridad.*
- 2120107 – Inspector UD movilidad y transportes.*
- 2120108 – Inspector UD atestados e investigación de accidentes.*
- 2120109 – Inspector UD procesos interiores.*
- 2120110 – Inspector UD protección e investigación.*

214- Protección civil:

Policía-coordinador executivo, figura erroneamente como xeito de provisión a nomenclatura CG (letras que non figuran no resumo de abreviaturas), en vez do código correcto C, procedéndose a modificar o erro material.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

213- Exntinción de Incendios

Tras a presentación de escrito de propostas presentado pola sección sindical CIG a través do Rexistro electrónico, con número de documento 240135371, e que foi tratado na Mesa de Negociación, considérase procedente facer as seguintes consideracións con respecto ao posto:

-Subxefe extinción de incendios:

A relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, contén memoria xustificativa que inclúe motivación individualizada da provisión do posto de xefatura do SPEIS, determinándose a forma de provisión polo procedemento de libre designación do posto de traballo de xefatura do SPEIS dada a responsabilidade profesional inherente ao posto; criterio que ten sido aplicado na relación de postos de traballo correspondente ao ano 2023 para o posto de traballo de nova creación de "subxefatura", consonte ao informe técnico de data de sinatura electrónica 06/06/2023 emitido ao expediente 40.934-220. Tal motivación baséase, no caso do posto de traballo de xefatura do SPEIS, e segundo o informe técnico referenciado, en que *"son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos_cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022*. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes:

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello.

Este criterio afecta a:

-Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.

-Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
-Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b)Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas".

Considerando adicionalmente que, segundo o disposto no artigo 13 do Regulamento rector do SPEIS (BOPPO de 07/04/1998) corresponde á subxefatura a substitución da xefatura en caso de ausencia ao servizo por calquera das causas previstas na normativa vixente, así

S.ord. 07/06/2024

como no suposto de vacante, estímase que a forma de provisión contemplada na RPT aprobada no ano 2023 resulta correcta, en atención aos antecedentes e motivación expostos, indicándose que tal RPT non foi impugnada en dito aspecto nin en vía administrativa nin xudicial.

III- CONTIDOS MÍNIMOS DA RPT

En relación cos contidos, da RPT que se propón aprobar, consonte ao disposto no art. 38.4 e 38.5 da LEPG:

“4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade”.

Asemade, o artigo 126.4 do TRRL dispón que:

“Las relaciones de puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril”.

Pola súa banda, o artigo 90.2 da LBRL determina:

“Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación...”.

E, o artigo 129.2.a) TRRL determina:

“Corresponde al Ministerio de Administración Territorial: a) Establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo...”.

No entanto, debido a omisión do lexislador estatal en ditar as “normas ” para a súa confección, únicamente se conta coa Orde do 2 de decembro de 1988 sobre relacións de postos de traballo da Administración del Estado e a Orde de 6 de febreiro de 1989 pola que se dispón a publicación da Resolución conxunta das Secretarías de Estado de Hacienda y para la Administración Pública pola que se aproba o modelo de relacións de postos de traballo de persoal funcionario e se ditan normas para a súa elaboración.

En consecuencia, pódese sintetizar o seguinte contido mínimo da RPT:

- a. Denominación, encadre orgánico do posto (dependencia de adscrición) cos seus respectivos códigos numérico. Así consta no Anexo I.
- b. Indicación de se o posto vai ser desempeñado por persoal funcionario ou laboral. Este dato tamén se reflicte no Anexo I, na columna Re. Empl.
- c. Clasificación profesional, consta a esclaa e subescala e o grupo e subgrupo baixo o columna GR



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

- d. Características esenciais do posto (posto singularizado ou non o que figura respectivamente no código TP).
- e. Debe incluír, de ser necesario, as funcións específicas do mesmo. Neste caso, non se crea ningún posto novo. Os postos de nova creación teñen as guías de funcións aprobadas con ocasión da aprobación da RPT 2023 (posto de intendente) e anteriores, puidendo consultarse no seguinte enlace https://transparencia.vigo.org/?id_file=817&lang=es&file=
- f. Requisitos esixidos para acceder ao desempeño do posto, formación específica necesaria para o desempeño. Neste caso, os requisitos do grupo e de titulación recóllense nos apartados cos códigos GR, Tit. e co código Form. Esp.
- g. Retribucións complementarias, figuran no código dos complementos (C.D. e C.E.) e o importe do complemento específico na columna marcada co código Imp. 2024.
- h. En relación coa información sobre os postos abertos á provisión por persoal procedente doutras administracións, consta na proposta que “conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo”.
- i. Tamén se inclúe o número de dotacións, así como as observacións relativas a determinadas peculiaridades dos postos.

En consecuencia, enténdense cumpridos os requisitos mínimos de contido.

IV- SOMETEMENTO A FISCALIZACIÓN PREVIA

Sobre a necesidade de sometemento a fiscalización previa da aprobación da relación de postos de traballo, xa ten informado a Intervención Xeral Municipal, transcribíndose parcialmente a continuación o informe incorporado no expediente 1690-110 (aprobación da RPT 2022):

(...)En primeiro lugar, debemos sinalar que a modificación da RPT non ten efecto económico ata que se modifique, no seu caso, o cadro de persoal orzamentario (Sentenza do Tribunal Supremo 20.05.2011. Sala terceira. Sección Sétima. Recurso 1345/2009), polo que non é necesario para a aprobación da modificación da RPT certificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Podemos concluír, polo tanto, que as modificacións da RPT non son actuacións sometidas ao exercicio da función interventora, xa que non supoñen a aprobación de gastos nin a execución de ningunha das fases de execución orzamentaria do orzamento de gastos da entidade (A, D, O, P). Tampouco son actuacións obxecto de control financeiro permanente, xa que a normativa vixente non establece a necesidade de informe de intervención neste tipo de expedientes, e o apartado 32.1.a) do R.D. 424/2017 refírese a actuacións planificables e, polo tanto, seleccionables sobre a base dunha análise de riscos para a súa inclusión no Plan Anual de Control Financeiro.

Pola súa beira, o artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a modificación do cadro de persoal orzamentario durante a vixencia do orzamento requirirá o

S.ord. 07/06/2024

cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel, e o artigo 4.1 b) 2 do R.D. 128/2018 dispón que o exercicio do control financeiro incluírá as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes, polo que a modificación do cadro de persoal orzamentario, necesaria para que, en todo caso, unha modificación de RPT teña efectos económicos, é unha actuación obxecto de control financeiro permanente non planificable.

Polo que, en definitiva, a modificación da RPT non é obxecto de función interventora nin de control financeiro permanente de carácter previo e obrigatorio, sen prexuízo de que tal actuación sexa obxecto de control a posteriori se tras unha análise de riscos resulta seleccionada para a súa incorporación no PACF, salvo cando a modificación da RPT supoña ao tempo unha modificación do cadro de persoal orzamentario ou do anexo de persoal do orzamento, ou unha modificación de crédito, casos nos que si procede a emisión dun informe de control financeiro (non de fiscalización previa) derivado da aplicación dunha norma legal, debendo nestes casos, analizar se afecta as limitacións sobre incremento de gasto de persoal establecida para cada exercicio na correspondente LOXE.”

Dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta de modificación, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria, darase traslado á Intervención Municipal para que informe sobre as consideracións que estime procedentes.

V- SOMETEMENTO A INFORME OU NOTA DE CONFORMIDADE DA ASESORÍA MUNICIPAL

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:

6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.

4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

VI -PROCEDEMENTO E ÓRGANO COMPETENTE:

Someteuse a correspondente proposta a negociación colectiva conforme ao artigo 37.1.c) do TREBEP, na que consta acordo por unanimidade das partes, segundo consta na acta incorporada ao expediente; consta o presente informe xurídico coa proposta do técnico de administración xeral conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (e a conformidade da Titular da Asesoría Xurídica.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

Queda pendente o informe de fiscalización da Intervención Municipal, sinalándose a súa necesidade no informe proposta.

Unha vez que sexa aprobado inicialmente polo órgano competente, suxéitase ao preceptivo trámite de información pública (artigo 202 LEPG).

O órgano competente para a aprobación da relación de postos de traballo e, en consecuencia, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, e previa solicitude de informe á Intervención Xeral, realízase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, de conformidade co recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio, corrección de erros materiais e axustes recollidos nos antecedentes e fundamentos do presente informe xurídico con proposta de resolución e que se incorporan no Anexo I.

SEGUNDO: Someter este procedemento a información pública por un prazo de 20 días hábiles a efectos de presentación de alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP), transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non achegarse reclamacións, procedendo a conseguinte publicación no mesmo BOPP, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia .

TERCEIRO: Remitir copia do presente acordo á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, conforme ao disposto nas consideracións xurídicas do presente acordo.

CUARTO: Contra o acordo de aprobación definitiva do instrumento que agora se aproba inicialmente e que poña fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: PROPOSTA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE VIGO 2024

REL. EMP	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2024	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
101 - GABINETE ALCALDÍA														
1	1010101	XEFE/A DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO ALCALDÍA	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AG/AE	ST/TS-TM	LD	1-2			1
1	1010102	XEFE/A RELACIÓNS FOMENTO DO EMPREGO	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AG/AE	TS/TS-TM	C	1-2			1
1	1010103	TÉCNICO/A RELACIÓNS PUBLICAS	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	TM	C	2	Relacións públicas		1
1	1010104	XEFE NEGOCIADO GABINETE ALCALDÍA	22	320	13.892,2 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
1	1010105	ADMINISTRATIVO/A ALCALDÍA	21	149	12.832,54 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
1	1010106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			4
1	1010107	AUXILIAR ALCALDÍA	18	171	11.167,38 €	C2	N	AG	AUX	C	4			5
3	1010301	DIRECTOR/A DE GABINETE DA ALCALDÍA				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	1
3	1010302	DIRECTOR/A DE COMUNICACIÓN DA ALCALDÍA				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	1
3	1010303	ADXUNTO/A DIRECTOR/A GABINETE ALCALDÍA				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	1
3	1010304	SECRETARIA/O DO ALCALDE				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	1
3	1010305	ASESOR/A RELAC. INSTITUCIONAIS E PROTOCOLO				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	1
3	1010306	ASESOR/A ALCALDÍA				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	8
3	1010307	AUXILIAR EVENTUAL				C2	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	7
108.- DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO														
1	1080101	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	26	680	21.255,5 €	A1	N	AG	ST	C			título de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esvuidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.	2
1	1080102	TÉCNICO/A XESTIÓN	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	TM	C	2			1
1	1080104	ARQUITECTO/A TÉCNICO/APARELLADOR	26	680	21.255,5 €	A2	N	AE	TM	C	43			1
- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 26.01.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5889-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, asinado en decembro de 2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 08.03.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 08.03.2024.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 26.03.2024.
- E) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 26.03.2024.
- F) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10.05.2024.
- G) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 16.05.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos -PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos -PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 30.12.2022 e 03.01.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos -PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (348.316,57 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 60.451,64 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	348.316,57 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(419).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU CO FIN DE DESENVOLVER ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA PARA A DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO DURANTE O ANO 2024. EXPTE. 8641/104.

Visto o informe xurídico do 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 27/05//2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2024, asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 12, 16 de abril de 2024, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude e adxunta documentación co fin de levar a cabo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau co fin de desenvolver accións de promoción turística para a dinamización do Turismo de Vigo durante o ano 2024. (Nº Doc. 240117145, 240118907,), por importe total de 275.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa Fundación Vigo Convention Bureau” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES

A Fundación Vigo Convention Bureau, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

-Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 8 de abril de 2024, certifica a aprobación da memoria de accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024”

Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

A **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB aconsella que colabore no desenvolvemento das accións de promoción a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

O desenvolvemento de accións de promoción que completen a oferta turística e que capten novos mercados e cheguen a distintos tipos de turismo é esencial para alcanzar a desestacionalización turística e conseguir un turismo estable ao longo do ano.

DOCUMENTACIÓN

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

-Anexo I. Memoria e orzamento das accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024”

-Certificado de aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024”

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.

-Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.

-Certificación da conta bancaria.

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportarase polo Concello de Vigo.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2024, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 19, 20, 22 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

Por Resolución da Alcaldía de data 19, 20, 22 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, e segundo o decreto de delegación de competencias específicas do Alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo, de data 30 de xuño de 2023, establece, entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FVCB PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2024”**

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Actividades de promoción coa FVCB) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2024

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en diante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a Yolanda Aguiar Castro, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo, Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 19, 20, 22 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

Doutra parte, D^a M^a Carmen Lago Barreiro, na condición de Vicepresidenta da Fundación Vigo Convention Bureau, en virtude do Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30/06/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

D. José Villán Fuertes, Secretario de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **Fundación Vigo Convention Bureau**, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.
- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.
- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 8 de abril de 2024 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o

S.ord. 07/06/2024

Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión das cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

IV.- Que o **Concello de Vigo** está interesado en desenvolver accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo da cidade.

O Concello de Vigo está a posicionarse como destino turístico, non so a nivel nacional senón tamén no ámbito internacional.

Produtos turísticos coma o Vigo Nadal e a atracción xerada polas Illas Cíes deben complementarse con outras accións de promoción turística para completar a oferta turística, así mesmo compre necesario chegar a diferentes tipos de turismo, co fin de conseguir un turismo estable ao longo do ano.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa FVCB”, prevé unha transferencia polo importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) e na actualidade está a desenvolver dous Plans de sustentabilidade Turística, correspondentes aos anos 2022 e 2023 co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

Por Resolución da Alcaldía de data 19, 20, 22 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, e segundo o decreto de delegación de competencias específicas do Alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo, de data 30 de xuño de 2023, establece, entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2024.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo 2024 (Anexo I) en reunión do padroado de data 8 de abril de 2024, que certifica a aprobación a aprobación do Anexo I do “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2024”

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo, no ano 2024, conforme co programa recollido no Anexo I, traballarase nas seguintes liñas de promoción do turismo e a promoción de Vigo como plató de rodaxes e turismo cinematográfico:

A.-PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.

En canto a liña de promoción do turismo da cidade se traballará nas seguintes liñas de actuación:

Eventos e Actividades: Fomentar-patrocinar eventos culturais, deportivos, gastronómicos ou outros tipos de actividades que atraian a visitantes locais e foráneos. Estes eventos poden incluír festivais, concertos, feiras temáticas, entre outros, que destaquen a identidade e o atractivo da cidade.

Redes co Sector: Establecer alianzas con empresas locais, axencias de viaxes, operadores turísticos e outros actores do sector privado para promover paquetes turísticos, ofertas especiais e promocións que incentiven a visita á cidade e fomenten a colaboración público-privada en beneficio do turismo local.

Marketing e Publicidade: Desenvolver estratexias de márketing efectivas que resalten os atractivos turísticos da cidade a través de campañas publicitarias en medios dixitais, impresos e redes sociais. Isto pode incluír a creación de contido visual atractivo, como vídeos promocionais e fotografías de alta calidade.

S.ord. 07/06/2024

Desenvolvemento de Experiencias Turísticas Únicas: Fomentar o desenvolvemento de experiencias turísticas auténticas e diferenciadas que permitan aos visitantes explorar a cultura, historia, gastronomía e natureza da cidade dunha maneira única. Isto pode incluír roteiros turísticos temáticas, visitas guiadas, etc.

Sustentabilidade e Ecoturismo: Promover prácticas turísticas sostibles que minimicen o impacto ambiental e contribúan á conservación dos recursos naturais e culturais da cidade. Isto pode incluír a implementación de programas de reciclaxe, o fomento do transporte público e o desenvolvemento de actividades de ecoturismo que permitan aos visitantes gozar da natureza de forma responsable.

A continuación se enumeran as accións propostas enmarcadas nas liñas de actuación:

- INCENTIVOS PARA EVENTOS EN VIGO

Consiste na identificación da celebración dunha serie de actuacións que complementan os eventos, supoñen un valor engadido ao programa e permitindo a posta en valor dos elementos máis senlleiros do destino Vigo co obxecto último de ofrecer unha experiencia positiva ao visitante e crear un potencial retorno á cidade.

Neste senso desenvolveranse, entre outras, accións tales como:

- Organización de visitas e rutas guiadas (rutas pola ría de Vigo e Illas Cíes; visitas pola cidade de Vigo, arquitectura histórica e os edificios emblemáticos; visitas polo ensanche; visitas murais; visitas temáticas; visitas científico-divulgativas; visitas caracterizadas baseadas en personaxes históricos, en feitos históricos, Julio Verne, etc.; visitas temáticas ou caracterizadas con contido cultural etc.)
- Degustación de produtos gastronómicos locais.
- Actos de recepción aos visitantes.
- Elaboración de paquetes e programas.
- Cobertura aos programas de Turismo.
- Traslado dos congresistas adaptado ás necesidades do programa que presentan.
- Material gráfico e informativo.
- Vídeos.
- Creación dun arquivo fotográfico actualizado da cidade.
- Mellora e actualización dos medios dixitais.
- Patrocinio de eventos, congresos, ferías con relevancia turística a fin de crear novos produtos desestacionalizadores do turismo e que xeren para a cidade un retorno económico e publicitario da marca Vigo.

-ACCÍONS DE PROMOCION, CAPTACIÓN E DIFUSIÓN.

Este apartado recolle principalmente o desenvolvemento de accións presenciais con profesionais e prescriptores do sector co obxecto de captar eventos para a cidade de Vigo:

- Participación en xornadas, congresos, eventos e feiras relacionadas co sector.
- Desenvolvemento de visitas profesionais a prescriptores e potenciais organizadores de eventos.

-DESEÑO, ELABORACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS

Elaboración de materiais ligados á imaxe e valores da cidade que permitan tanto o apoio á potencial captación e celebración de eventos, como a atención aos congresistas:

- Deseño e elaboración de merchandising.
- Edición de materiais promocionais físicos e multimedia.
- Deseño, creatividade e impresión de materiais de información ao visitante (material informativo, cartelería, mapas, folletos, tipografías, etc.).
- Deseño, edición e impresión de artigos en revistas, libros ou documentos dixitais relevantes de índole local, nacional e internacional.
- Creación de materiais audiovisuais de apoio ás candidaturas, eventos, congresos, ferías, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

-CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Desenvolvemento de accións dirixidas a públicos obxectivos amplos mediante medios de comunicación de masas como a “targets” específicos e profesionais do sector de eventos.

- Accións e campañas de comunicación en diferentes medios offline e online.
- Desenvolvemento de contidos e actualizacións para as webs e apps relacionados co sector.
- Colaboración con editoriais e prensa especializada.

-ESTUDOS E INFORMES RELACIONADOS CO TURISMO

Elaboración e coordinación de estudos e informes que permitan seguir de xeito regular e numérico as tendencias e evolucións do sector, permitindo axustar as accións para mellorar e desestacionalizar:

- Análise de datos, supervisión, e creación de informes.
- Desenvolvemento de BBDD.
- Estudos de afluencia e mobilidade da cidade de Vigo.

-SERVIZOS NA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS ASESORAMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA

Contratación de servizos de consultaría e asistencia técnica para a redacción de proxectos, textos especializados, propostas de planificación e asesoría xurídica.

Ofrecer ás persoas e empresas que desexan organizar un congreso, convención, reunións e actividades análogas unha serie de servizos gratuítos, tales como:

- Apoio técnico na presentación de candidaturas de congresos.
- Axuda na organización e a loxística.
- Xestión de espazos.
- Asesoramento sobre Palacios de Congresos, hotéis e servizos anexos (transporte, azafatas, tradución simultánea, material audiovisual, guías turísticos, caterings, restaurantes, etc.)
- Asesoría de planificación e organización de reunións.
- Asesoramento a profesionais interesados en organizar a súa reunión en Vigo.
- Asesoramento na elección do marco máis adecuado para calquera acontecemento, e información sobre as infraestruturas da cidade.
- Facilitar material promocional de Vigo e información xeral sobre a cidade.
- Colaboración na obtención de accesos a museos e acontecementos culturais e na utilización de edificios históricos singulares.
- Actividades de promoción destinadas a fomentar a organización de reunións no destino Vigo.

B.-PROMOCIÓN DE VIGO COMO PLATÓ DE RODAXES E TURISMO CINEMATOGRAFÍCO

Vigo posúe un rico patrimonio histórico, cultural e, por suposto, natural, un territorio urbano e paisaxístico ideal para a rodaxe de calquera tipo de produción audiovisual. A cidade ofrece múltiples e versátiles localizacións que, en moitos casos, están por descubrir.

Nos últimos tempos, Vigo converteuse nunha das cidades de Galicia que maior interese esperta nas produtoras. A actividade de Vigo como estudio cinematográfico xera un importante impacto económico e achega enormes beneficios ao valioso tecido audiovisual local e os negocios de que deles derívanse.

Vigo Film Office (en diante VFO) é o servizo que desde hai dez anos o Concello de Vigo -a través da Fundación Vigo Convention Bureau- pon ao dispor do sector audiovisual para axudarlle a rodar na nosa cidade todo tipo de producións, desde longametraxes e curtos a series, documentais, anuncios e videoclips. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro que ofrece asesoramento ás producións e actúa de intermediaria entre estas e o Concello de Vigo para tramitar os permisos de rodaxe e outros servizos que precisen.

A continuación enuméranse as accións enmarcadas dentro desta área.

-PARTICIPACIÓN EN FITUR SCREEN

A Spain Film Commission co-organiza xunto a Ifema- Feira de Madrid, Fitur Screen, un espazo destinado ao turismo cinematográfico dentro da Feira Internacional de Turismo (FITUR). A idea é acudir e presentar Vigo como plató de cine dentro desta quinta edición de Fitur Screen cuxo obxectivo este ano centrase en promover o vínculo cada día máis estreito entre o audiovisual e o turismo e poñer en valor as novas propostas de lecer xurdidas ao redor das rodaxes en España.

-PROGRAMA RUEDA

En abril a celebración do evento “PROGRAMA RUEDA”, que organizamos xunto á Academia de Cine, o que suporá a primeira colaboración da cidade con esta prestixiosa entidade.

Vigo será unha das tres sedes que acollan este ano aos participantes dos programas formativos da Academia: “Residencias e Rueda”.

-CELEBRACIÓN DE FAM TRIPS

Despois do bo resultado do primeiro viaxe de familiarización de localizadores internacionais celebrado o ano pasado proponse a celebración de novos fam trips que permitan seguir coa promoción de Vigo como espazo de rodaxe.

-CONCURSO DE MICROCURTAMETRAXES

Celebración dun novo concurso de curtametraxes baixo a marca de “Vigo en 90 segundos”.

Esta acción terá un dobre obxectivo: por unha banda, incentivar a produción audiovisual na cidade e, por outra, promover o turismo.

-ACCIONS DE PROMOCIÓN, APOIO E PRESENTACIÓN

No marco da promoción da cidade de Vigo e a presentación da Vigo Film Office promoverase a participación en distintos festivais, eventos, asembleas e actividades formativas realizadas no territorio nacional e internacional, unha mostra das posibles participacións e colaboracións previstas son:

- Plataforma de formación e coproducción Ventura.
- Laboratorio para creadores audiovisuais Conecta Lab.
- Festivais de cinema como o de Málaga, San Sebastián ou Cannes...
- Asembleas da Spain Film Commission.
- Feira Shooting Locations Marketplace de Valladolid.
- Apoio a estreas de películas rodadas na cidade e á súa promoción.
- Apoio a eventos cinematográficos na cidade.
- Apoio loxístico - posibilidade de axuda nos aloxamentos, cesión de espazos, etc.- á rodaxe de películas, curtos, documentais e festivais que consideremos de especial relevancia para a cidade.

O longo do ano participarase nos principais eventos do sector local, rexional, nacional e internacional.

-EDICIÓN DE MATERIAIS E MERCHANDISING

Neste apartado incluímos posibles edicións de materiais de promoción de Vigo como estudio de cinema, como pode ser entre outros:

- Folletos promocionais de Vigo como plató de cinema.
- Planos de rutas.
- Adquisición de fotografías profesionais.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo durante o ano 2024, polo importe de 275.000,00€ (douscentos setenta e cinco mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custe total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio, efectuarase nun so pago, que farase efectivo á sinatura do convenio.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa FVCB” por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2024 dentro do programa deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2024.

b) *Memoria económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2024 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2024.

A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitárase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1689/1102

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

14(420).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONVOCATORIA DA SECRETARIA DE ESTADO DE SANIDADE, DE “AXUDAS ECONÓMICAS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DAS ADICCIÓN, CON CARGO AO FONDO DE BENS COMISADOS POR TRÁFICO ILÍCITO DE DROGAS E OUTROS DELITOS RELACIONADOS”. EXPTE. 9914/336.

Vista o informe de fiscalización do 03/06//2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/06/2024, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

